



Comezo do curso

Estimados pais,

Benvidos a *Quick Minds*!

Quick Minds é un curso de inglés de seis niveis para os seis anos de Primaria. Da continuidade ao inglés aprendido en Educación Infantil e desenvólvese seguindo o currículo do ensino da lingua inglesa nos colexios españois de Primaria.

Este ano o voso fillo aprenderá inglés con *Quick Minds 5*. *Quick Minds 5* comeza coa clase de Ciencias, na que os alumnos coñecen a tres amigos, Alex, Phoebe e Patrick, os viaxeiro do tempo, *The Time Travellers* ('Os viaxeiros do tempo'). Atravesarán con eles unha porta misteriosa que lles permitirá vivir aventuras, viaxando no tempo e no espazo para presenciar momentos da historia.

Ao mesmo tempo que gozan coas **historias** *The Time Travellers*, os nenos aprenderán distintas **destrezas**, **gramática** e **vocabulario** útiles, así como unha chea de divertidas **cancións**.

Invitámosvos a participar da experiencia do voso fillo na aprendizaxe do inglés en casa. Podedes facelo coas actividades interactivas online de *Quick Minds*, ás que accederedes en www.quickmindsapps.es. Trátase de divertidos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** aos que podedes xogar en familia. As **cancións** tamén están dispoñibles online. Poderedes cantar as cancións e xogar en calquera momento que queirades.

Esperamos que o pasedes ben con *Quick Minds* tanto como o fará o voso fillo!





Unidade Welcome The Science lesson

Estimados pais,

Nesta Unidade de benvinda ao curso (*Welcome unit*), *The Science lesson*, o voso fillo repasará os **números do 10 ao 100** e o vocabulario dos **membros da familia**, e aprenderá a empregar **'good at'** para falar das súas destrezas. Pode practicar o aprendido cos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online.

O voso fillo coñecerá a *The Time Travellers*, Phoebe, Alex e Patrick. Pedídlle que vos cante a canción dos *Time Travellers*. Podedes escoitar online a **canción** e cantar xuntos a versión **karaoke**.

Na **historia** desta unidade, *The explosion*, o voso fillo lerá sobre como comezan a súa primeira aventura *The Time Travellers*, cando unha explosión na súa clase de Ciencias abre un túnel do tempo. Preguntádlle ao voso fillo polos personaxes: Phoebe, Patrick e Alex. Como son? Que cousas se lles dan ben e cales non?

Esperamos que o pasedes ben!



Unidade **1** The rock 'n' roll show

Estimados pais,

Na Unidade 1, *The rock 'n' roll show*, o voso fillo aprenderá o vocabulario das **materias**, practicará como falar **do que lle gusta facer e do que non**, e aprenderá a expresar a **obriga**. Pode repasar o aprendido cos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online.

Preguntádelle ao voso fillo que materias lle gustan. Pedídelle que vos cante a **canción** do colexio e cantade xuntos a versión **karaoke**.

Nesta unidade, o voso fillo lerá a **historia**, Elvis, no que Alex, Phoebe e Patrick coñecen a Elvis Presley. Preguntádelle como axudan os nenos a Elvis a fuxir dos seus fans.

Finalmente, para a lección do **Act out**, o voso fillo aprenderá frases útiles e mellorará a súa fluidez representando unha conversa cun alumno novo do colexio. Preguntádelle ao voso fillo que recorda da conversa. Que lle gusta ao outro neno? Cal é a súa materia favorita?

Esperamos que o pasedes moi ben!



Unidade **2** The story teller

Estimados pais,

Na Unidade 2, *The story teller*, o voso fillo aprenderá algúns **adxectivos para describir emocións** e practicará como se pregunta polos sentimentos en inglés. Cun grupo pequeno, falará de problemas e aprenderá a dar consellos usando **'should'** e **'shouldn't'**. Non esquezades animar ao voso fillo a empregar os **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online.

Pedídlle ao voso fillo que cante a **canción** da unidade, *What's the matter with you?* Tamén podedes representar os sentimentos dos nenos da canción.

Na **historia** de *The Time Travellers* desta unidade, Phoebe, Alex e Patrick van a Inglaterra a coñecer a Shakespeare. Preguntádlle ao voso fillo quen é Shakespeare. Que lle din a Shakespeare que tería que cambiar na súa obra os nenos da historia? Como reacciona o público co novo final?

Para rematar, o voso fillo aprenderá algúns aspectos sobre o xénero da **poesía** e lerá poemas en inglés. Preguntádlle cal é o seu poema favorito e por que. Tamén creará o seu propio poema en clase, pedídlle que vos lo lea.

Esperamos que o pasedes moi ben!



Unidade **3** In Istanbul

Estimados pais,

Na Unidade 3, *In Istanbul*, o voso fillo aprenderá o vocabulario dos **lugares dunha cidade**, **preposicións de lugar**, e a forma de **infinitivo de finalidade**. Describirá onde se atopan os edificios nun mapa. Utilizade os **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online para repasar as leccións desta unidade.

Preguntádelle ao voso fillo cal é o seu lugar favorito na súa cidade o poboación. É o polideportivo? A librería? Animade ao voso fillo a cantar a **canción** da unidade, ou cantade xuntos a versión **karaoke** para divertirvos!

Preguntádelle ao voso fillo onde van Patrick, Phoebe e Alex na súa aventura desta unidade. Que recordan de Estambul? Quen se perde? Quen axuda a Patrick e Alex a atopar a Phoebe?

Finalmente, para a lección do Act out, o voso fillo mellorará a súa fluidez representando unha conversa na que pedirá o dará direccións. Podedes facer de visitantes ou de residentes da cidade e representar xuntos vosa propia conversa en casa.

Esperamos que gocedes desta unidade!





Unidade **4** Mystery at sea

Estimados pais,

Na Unidade 4, *Mystery at sea*, o voso fillo aprenderá vocabulario relacionado con **barcos e criaturas mariñas**, e tamén a empregar ***there was e there were*** en declaracións e preguntas. Tamén aprenderá cousas sobre animais extintos. Preguntádelle ao voso fillo o que recorda dos animais extintos. Visitade a web online para practicar cos **xogos interactivos de vocabulario e gramática**.

Escoitade a **canción** desta unidade, *Fish, fish, everywhere*. Cantade xuntos coa versión **karaoke** e bailade esta divertida melodía!

Na **historia** desta unidade, *The Mary Celeste*, Alex, Patrick e Phoebe atópanse nun barco. Preguntádelle ao voso fillo que recorda da **historia**. Que atopa Phoebe no camarote do barco? Que lles pasa aos mariñeiros?

Para rematar, o voso fillo aprenderá sobre os **océanos e mares**. Tamén fará un traballo sobre un río. Preguntádelle cal é a diferenza entre un océano e un mar. Cal é máis grande? Que se pode facer para manter limpos os océanos e os mares?

Esperamos que volo pasedes ben con esta unidade!





Unidade **5** Crazy inventions

Estimados pais,

Na Unidade 5, *Crazy inventions*, o voso fillo aprenderá o vocabulario dalgúns **aparellos**, tamén practicará os **comparativos e superlativos**. Debuxará aparellos “tolos”. Pedídelle que vos describa o seu aparello. Non esquezades empregar os **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online para repasar as leccións.

Animade ao voso fillo a cantar a **canción**, *My bike*. Pedídelle que compare a súa bicicleta coas da **canción**. A súa bici é máis nova ou máis vella? É máis bonita? Tamén podedes empregar a versión **karaoke** online!

Preguntádelle ao voso fillo que esta a pasar na historia desta unidade, Professor Potts. *The Time Travellers* están no futuro ou no pasado? Funciona o invento do profesor? Falade do que fan os inventos da historia.

Finalmente, para a lección do Act out, o voso fillo mellorará a súa fluidez representando unha conversa entre un vendedor e un cliente. Podedes facer calquera dos dous papeis e representar en casa a vosa conversa.

Esperamos que o pasedes moi ben!





Unidade **6** In the hospital

Estimados pais,

Na Unidade 6, *In the hospital*, o voso fillo aprenderá vocabulario relacionado coa **saúde** e conxugará verbos no **pasado simple**. Falará cun compañeiro sobre o que fixeron onte e fará un xogo de mímica co vocabulario. Pode empregar os **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online para repasar as leccións desta unidade.

Nesta unidade, o voso fillo aprenderá a **canción**, *Oh what a week*. Pedídlle que vola cante. Que cousas lle pasan ao neno da canción? Non esquezades empregar a versión **karaoke** online!

A **historia** desta semana chamase *A great discover*. Preguntádlle ao voso fillo onde van Alex, Phoebe e Patrick e con quen se atopan. De que gran descubrimento tratase?

Para rematar, o voso fillo aprenderá sobre como ter unha **alimentación sa**. Aprenderá distintos tipos de alimentos e fará unha táboa do que come durante unha semana. Pedídlle que vola ensine e vos diga de que tipo de alimentos debería comer máis. Vos tamén podeades falar sobre a comida sa.

Esperamos que gocedes desta unidade!





Unidade **7** Ancient Egypt

Estimados pais,

Na Unidade 7, *Ancient Egypt*, o voso fillo aprenderá os nomes dalgúns **países**, e tamén a empregar a forma **negativa do pasado simple**. Xogará cun compañeiro ao xogo dos países. Pode empregar os **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online para practicar en casa.

Faládelle ao voso fillo dos países onde estivo no ano anterior. Que fixo e que non fixo en vacacións? Escoitade e cantade a **canción** desta unidade sobre as vacacións. Non esquezades escoitar a versión **karaoke** online!

Na **historia** desta semana, *The mummy's tomb*, Patrick, Alex e Phoebe atópanse en Egipto. Preguntádelle ao voso fillo que recorda da **historia**. De que teñen medo The Time Travellers? Que non debería facer Patrick na **historia**?

Finalmente, para a lección do Act out, o voso fillo mellorará a súa fluidez representando unha conversa telefónica entre alguén a quen lle gustaría ir a un museo e un empregado dese museo. Preguntádelle que recorda da conversa.

Esperamos que vos divirtades!



Unidade 8 The treasure

Estimados pais,

Na Unidade 8, *The treasure*, o voso fillo aprenderá o vocabulario do **clima** e da **roupa** e practicará o uso de **'going to'** para falar do futuro. Xogará ao xogo do clima para practicar o vocabulario e a gramática. Non esquezades practicar xuntos cos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online!

Preguntádelle ao voso fillo que vai facer nas súas super vacacións o neno na **canción** *This week*. Preguntádelle que vai facer el este fin de semana para pasalo ben. Cantade xuntos a canción para practicar o vocabulario e a gramática.

Nesta derradeira unidade, *The Time Travellers* están unha illa na que os piratas están escondendo o tesouro que roubaron. Preguntádelle ao voso fillo que fan Alex, Phoebe e Patrick cando os piratas abandonan a illa. A quen lle dan o tesouro? Preguntádelle ao voso fillo se recorda todos os lugares que visitaron *The Time Travellers* ao longo do curso.

Para rematar, o voso fillo aprenderá cousas sobre as **estacións e os hemisferios**. Contádelle que o verán e o inverno non coinciden á vez no hemisferio sur e no hemisferio norte. Pedídelle que vos ensine o seu traballo das estacións no mundo.

Esperamos que o pasedes moi ben!





Fin de curso

Estimados pais,

Esperamos que este ano gozásedes do inglés con *Quick Minds 5* na casa xunto ao voso fillo. Esperamos que vos divertísedes facendo os **xogos interactivos online**, falando das **historias** e escoitando e cantando as **cancións**.

Recordade que sempre podedes volver xogar aos xogos interactivos online que máis vos gustaron, ler as vosas historias favoritas e cantar outra vez as vosas cancións preferidas.

Para rematar, a *The Time Travellers*, Phoebe, Alex e Patrick, gustaríalles despedirse de vós e desexarvos: Felices vacacións este verán!

